

PRAZO DE MATRÍCULA

Do 20 de marzo ao 6 de abril, ambos incluídos. **A aplicación web de matrícula permanecerá aberta ata as 12.00 do mediodía do 6 de abril.**

Non se recollerá documentación de matrícula no centro despois do día 6 de abril ás 14 horas.

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

- Secretaría da EOI da Coruña: alumnado que desexa examinarse na propia escola ou nas seccións de Culleredo e Arteixo. Consulten horario de secretaría.
- Seccións de Carballo e Cee: O alumnado que desexe examinarse nestas seccións pode presentar nelas a documentación correspondente. Consulten horario de xefatura de estudos nas seccións.

HORARIO DE SECRETARÍA EOI A CORUÑA (SEDE CENTRAL)

- Luns - Venres: 9:00-14:00
- Luns: 17:30-20:00
- Xoves: 17:00-19:00

PROCEDIMENTO DE MATRÍCULA

A matrícula feita en liña non terá validez ata que o alumnado a formalice na secretaría do centro.

O procedemento para matricularse nas probas de certificación é como segue:

1. Acceder a esta ligazón <https://www.informaticacentros.com/xunta/> e matricularse nas probas de certificación dos idiomas e niveis que lle interesen.
2. Pagar as taxas (no banco ou en liña).
3. Formalizar a súa matrícula presentando a documentación dentro do horario establecido na secretaría do centro.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A MATRÍCULA

Para formalizar a súa matrícula todo o alumnado deberá presentar do 20 de marzo ao 6 de abril ás 14 horas:

- Resgardo de matrícula libre xerado pola aplicación na web (emite 2 copias automaticamente)
- Comprobante do pago das taxas.
- Orixinal e copia do xustificante do dereito á exención de taxas, de ser o caso.
- **Para o NIVEL CI:** fotocopia cotexada do certificado de nivel avanzado ou do certificado de aptitude de inglés, francés ou galego expedido por unha EOI (de ter superados os estudos e non dispor aínda do certificado, deberá presentar unha certificación académica expedida pola EOI correspondente, acompañada do xustificante de ter aboados os prezos públicos para a expedición do certificado de nivel avanzado ou do certificado de aptitude) ou no caso do idioma inglés, de certificado acreditativo da validación do Certificate of Proficiency emitido polo MEC.
- Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2017, certificado no que se faga costar a primeira lingua estranxeira cursada na ESO no presente curso escolar, expedido polo centro consonte o modelo do anexo V da Circular 1/2017.

- Para o alumnado dos cursos CALC, o documento da realización do curso, emitido polo CFR, onde conste que cumpre co requisito de asistencia.
- O alumnado de nivel **AVANZADO INGLÉS** que se presente aos exames de **SELECTIVIDADE**, pode solicitar **NO MOMENTO DE FORMALIZAR A SÚA MATRÍCULA** realizar a proba oral correspondente noutro día (pendente publicación datas dos exames orales) .
- O alumnado procedente de outras EOIs deberá presentar certificado de estudos da EOI de orixe.

O alumnado que se **matricula por primeira vez** deberá **ademais** presentar:

- Fotocopia do DNI ou, no caso de persoas estranxeiras, NIE ou pasaporte.
- Dúas fotos de carné
- Sobre de matrícula, debidamente cumprimentado (recóllese na conserxería)

DISCAPACIDADE/ADAPTACIÓN

No caso de minusvalía que precise dunha adaptación para realizar os exames, deberá achegar documentación acreditativa e cubrir **no momento de formalizar a matrícula** o formulario facilitado na secretaría da EOI (**anexo IX**), que o poñerá en coñecemento dos equipos de orientación específicos dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes.